



Concello de Castroverde

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA E NOMINATIVA QUE O CONCELLO DE CASTROVERDE OUTORGA A "ASOCIACIÓN O SANTIAGUIÑO" PARA A ORGANIZACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS NO MUNICIPIO DE CASTROVERDE.

Dunha parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Castroverde, Don Xosé María Arias Fernández, asistido pola secretaria, dona María García Ferro que actúa como fedataria da formalización do presente convenio, no exercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 2. i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte D. Miguel López Adrio con DNI 33558912A en calidade de representante da ASOCIACIÓN O SANTIAGUIÑO, con sede social na Praza do Concello NUM 3 27120 Castroverde, na localidade de Castroverde e CIF G27511500.

Previa manifestación do Sr. Alcalde, de subsistencia do cargo co que actúa así como das facultades das que fai uso, as partes participantes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para a válida celebración deste convenio, e

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Concello de Castroverde considera de interese xeral as festas locais do municipio.

Segundo.- Que a comisión de festas O Santiaguiño organiza as festas patronais

Terceiro.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúeselle aos concellos, entre outras, a competencia para a promoción da cultura e o ocio e tempo libre

Quinto.- Xuntar esforzos na difusión dos aspectos positivos das festas patronais, así como potenciar o aspecto social do que está dotado a comisión de festas

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Castroverde busca liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas funcións estes

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

Sexto.- Que o Concello de Castroverde, nas bases de execución aprobadas co Orzamento Xeral para o ano 2026 recolle a subvención nominativa a favor do asociación o Santiaguíño por importe de 10.000 euros para a organización das festas patronais

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

CLAÚSULAS:

OBJECTO.

1.- O presente convenio ten por obxecto regular a xestión da subvención directa e nominativa que o Concello outorga a ASOCIACIÓN O SANTIAGUIÑO, para a ORGANIZACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS, favorecendo e promovendo unha participación social inclusiva e destinada a toda a poboación, protexendo os valores culturais e tradicionais que lle son propios dentro das súas festas patronais.

2.- A tal efecto o Concello de Castroverde concede á ASOCIACIÓN O SANTIAGUIÑO, unha subvención directa e nominativa por importe máximo total de seis mil euros (10.000 euros), aprobada nas bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2026.

3.- Sen prexuízo das obrigas de carácter xeral que corresponde cumprir ao asociación o Santiaguíño como beneficiario dunha subvención municipal, dita entidade asume as seguintes obrigas específicas:

- Organizar as festas patronais do ano 2026 que inclúe entre outro, a contratación de orquestras, impresión de carteis publicitarios, merchadising,...
- Presentar con suficiente antelación a programación dos seus actos festivos así como as necesidades que se consideren para o bo desenvolvemento das festas
- Presentaranse con especial antelación aqueles actos que requiran autorización previa, como fogos pirotécnicos e cortes de estradas, para xestionar a tramitación correspondente

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

- En calquera anuncio das festas patronais figurará a colaboración do concello de Castroverde e se inxerirá o logo do Concello de Castroverde na publicación da programación de festas, folletos e carteis así como cuñas de radio.
- Calquera cambio de nome, CIF, composición da comisión de festas debe ser comunicada ao concello
- A comisión de festas comprométese a fomentar o bo uso das infraestruturas municipais que sexan utilizadas nas súas festas e promover o reciclaxe e o respecto ao entorno e medio ambiente

Realizar as actividades mencionadas dentro das normas ordinarias e de boa veciñanza, sen causar molestias nin perturbacións durante o desenvolvemento das mesmas.

Ter cuberta a responsabilidade civil a terceiros para responder de todos os danos que podan ocasionarse tanto ás persoas como ás cousas: así como cantos outros seguros sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención.

Outras Obrigas:

A entidade beneficiaria debe estar dada de alta tanto no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, así como estar recoñecida como entidade sen ánimo de lucro.

No estar incluído nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e estar ao corrente das súas obrigas fiscais.

II.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. O Concello de Castroverde contribuirá ao financiamento da actividade realizada pola entidade beneficiaria cunha achega máxima de 10.000 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

2. A aportación do Concello de Castroverde é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3.- O Concello de Castroverde xestionará e aboará a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación das festas.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido neste convenio. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAXE NON SEXISTA E DA LINGUA GALEGA.

1. Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Castroverde.
2. A entidade beneficiaria, nas súas comunicacións e publicidade, comprométese ao uso da lingua galega e á utilización da linguaxe non sexista.
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

V.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA LOCAL.

A aportación farase efectiva unha vez xustificadas os gastos subvencionables.

A entidade beneficiaria deberá achegar, no prazo de xustificación, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados nos conceptos financiados, na que se indiquen os acredores co seu NIF/CIF, os documentos xustificativos e os importes e datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias auténticas das facturas e demais xustificantes de gasto. As datas dos xustificantes do gasto deberán estar comprendidas entre a data de inicio e fin do período de execución das actividades establecido na Cláusula VI.

No suposto de xustificacións con copias auténticas, será requisito previo á compulsa incorporar no documento orixinal a seguinte dilixencia: “A presente factura foi presentada no Concello de Castroverde para os efectos de xustificar a subvención”

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación dos correspondentes certificados en vigor.
- Certificación da conta bancaria, onde se ingresará a axuda.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na Cláusula IV, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.
- Declaración responsable das subvencións solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade e o importe da mesma.

VI.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento deberán estar executadas durante as festividades locais sendo o festivo local o 24 de xullo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a Cláusula V, ata o **15 de decembro de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1.- A entidade beneficiaria deberá acreditar con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CASTROVERDE E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a aportación realizada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

presente convenio de colaboración.

Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/ 1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devedan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados.

En Castroverde, na data que figura ao marxe.

O representante do
Concello de Castroverde

O representante da
Comisión de Festas

Asdo. Xosé María Arias Fernández

Asdo. Miguel López Adrio

A Secretaria
Asdo.: María García Ferro.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011

Cod. Validación: 4GFE6N66CZ19CMAYLPG2AYERO
Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

